

4 de decembro de 1080

PLEITO DO MOSTEIRO DE SAMOS CON PEDRO VELAZ , SEÑOR DO CASTELO DE ULLVER (CORNATEL) POLOS MONTES E OUTRAS POSESIÓNS DE SANTA MARÍA DE ANDINAS

Cristo

Na Era Milésima Centésima Décimo Oitava e no día segundo das Nonas de Decembro.

Levantado foi litixio entre o confeso DOMNINO , que é vigairo de SAMOS aquí no BIERZO, e PEDRO VELAZ, que ten ULVER, diante dos xuices FROMARICO, abade samonense, e MUNIO MUNIZ que ten o castelo da man do príncipe don AFONSO , da prole de FERNANDO, e outros varios , e PAIO CITIZ e outros moitos fillos ben nados , aquí en SANTA MARÍA DE ANDINAS, riba das herdades e vilas e montes que son ditas do SIL.

Dicindo o confeso DOMNINO, pola voz de SAMOS, como foron estas herdades e estes montes de presura, cando tomou don ARXERICO e dona SARRA o lugar de VIOXIO, segundo nos testamentos resoa, e van os montes e as herdades dende a parte do SIL por PENALBA ata onde entra a auga de FONTE SALGUEIRO no SIL, o río e as veigas por metade cos señores de ULVER, e a metade para SAMOS e a metade para ULVER, e dos casares de SINAGOGA , igoalmente, e os casáis de FONTAO de SAMOS, e os montes de ESTELEDOS ata o SIL e da auga de VILOUZÁN e de alí pola cimeira do monte, e despois a PENA VENTANEIRA e polo VAL SER ata CANGUEIRO; e deu resposta PEDRO VELAZ na voz de ULVER, como eran estes montes e estas herdades e o río SIL de ULVER e como , dende o tempo do serenísimo rei don VERMUDO ata o tempo de agora , estiveron estes montes e as herdades e o río pagados para a parte do castelo.

Cando escoitaron os xuices estes razoamentos das dúas partes decidiron que desen escritos e sabedores polas dúas partes segundo e como o fixeron; pola parte de SAMOS o confeso DOMNINO, que era do tempo de don MANDINO , abade, e do príncipe don VERMUDO e polos seus escritos dicía que vira como eses montes e esas herdades e este río polos termos enriba ditos estaren pacíficos para a parte de SAMOS en todos eses tempos ata o de agora.

Pola outra parte dicían que xa no tempo do príncipe don AFONSO e polo seu sabedor chamado BONELO, que era home moi vello e outros máis se dirixiron aos montes e ao río e ás vilas que nos montes estaban, e dividiron todos estes bens segundo primeiramente foron divididos polos seus antecesores; por iso dividíronos os sucesores e puxeron extremas entre eles, isto é : dende PENALBA ata que entra a auga de FONTE SALGUEIRA no SIL, a metade do río para SANOS e a metade para ULVER e pola auga de VILOUZÁN os vilares que chaman SINAGOGA, a metade destes vilares para SAMOS e a outra metade para ULVER. Baixo destes termos que enriba resoan, agás a igrexa de SANTIAGO coa súa herdade e no FONTAO dous casares que foron de apreso de VIOXIO, as outras metades que en SINAGOGA ten SAMOS e do conde don MENENDO , segundo no testamento resoa e a costa de baixo do CASTRO DE SINAGOGA contra o SIL da maneira que vai do regueiro de FONTE SALGUEIRA ata o regueiro de VILOUZÁN e por riba do Castro e polo cume e na parte de abaixo por onde primeiramente andaba o SIL, esta costa dentro destas extremas íntegra para a parte de SAMOS:

Volvamos á discusión que foi feita nos montes de ESTELOS.

Erguéronse os saíóns de ULVER e por man de forza, acendidos na cobiza, colleron os labores dos homes de SAMOS e levaron as quintas a ULVER e sacaron os montes do dereito de SAMOS, e por tal acción foi o abade don FROMARICO con querela a El-Rei don AFONSO e seguiu o seu camiño ata MORAIS DE REI, e

querelouse o abade a El-Rei de todo o enriba dito, e mandou El-REI a MUNIO MUNIZ que tiña o CASTELO, que viñese ao BIERZO co abade e fixeran concilio na terra e que desen as escrituras de SAMOS e sabedores da terra e pesquisadores que averiguasen a verdade, do xeito que o fixeron outros xa enriba nomeados, de xeito que se coñecese de quen foron os montes no tempo do príncipe don FERNANDO, rei, e como os posuiron os seus sucesores ben pagos sen ningunha discusión.

E pola tal acción reuníronse aquí en SANTA MARÍA, en VIOXIO, que doutra maneira é chamada ANDINAS, e alí deron cumprimento ao mandado de El-Rei.

Narremos os nomes dos xuíces, son estes: MUNIO MUNIZ, a quen mandara El-Rei xulgar e inquirir, con outros homes idóneos chamados PAIO CITIZ, PAIO PETRIZI e ALVARO GARCIA e MUNIO PELAGII, confeso e xuíz, que é autor de sentenzas canónicas, e decidiron estes cinco xuíces que averiguasen a verdade do Mosteiro e a deslindasen da do Castelo.

Polo Mosteiro presentaron moitos homes vedraños e averiguaron como lle fixeran torto ao Mosteiro e aos seus homes e pola tal acción pedíronlle misericordia ao abade a aos seus frades, que xa outra querela non facían diante de El-Rei, e fixeron escrituras entre eles, uns e outros, e dividiron as herdades, da maneira como os homes bons as dividiran BONELO, frade, e DOMNINO, confeso, e dividiron para SAMOS polo regueiro de VILOZUZÁN segundo entra no SIL ata a cimeira do monte, e logo pola PENA VENTANEIRA, e logo polo VAL DO SER, e logo riba de SAN VICENZO e coas súas herdades e as súas pesqueiras ata que fere no CANEIRO. Todos os bens que dentro destas extremas están afirmáronas para SAMOS, segundo no seu testamento resoa, e as outras vilas para o CASTELO segundo na carta resoa.

E pola tal acción fago eu MUNIO, e PEDRO VELAZ, esta escritura de agnición e definición, de xeito que nunca ousarei contra este noso feito vir irrompendo, nin nós, nin os nosos sucesores virán en ningún tempo, mais todos os bens enriba relacionados no dereito de SAMOS sempre pagos permanezan por todos os séculos. Amén.

Se calquera tamén, o que sexa feito mínimamente cremos, irrompendo viñese ou viñesemos e de canto nela está anotado algo colla do máximo ou do máis mínimo, por tal acción pague quen tal cometa, canto se apropie duplado e á parte rexia dous talentos de ouro e por riba penmaneza mergullado no inferno e non escoite a voz do Señor.

Eu MUNIO MONIZI nesta escritura coa miña man (+).- PEDRO VELAZ, confirma (+).- Eu PAIO CITIZ, confirmo.- PAIO PETRIZ, confirmo.- MONINO confeso e xuíz, confirmo (+).- VIMARA, testemuña.- MONIO, testemuña.- DOMENICO, testemuña.- CIDI, testemuña e xuíz, confirmo.- GUDESTEO, testemuña.